

# SER AMIGOS

Texto e ilustracións de ARIANNA PAPINI

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

[Ser amigos](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-814-7. Álbum ilustrado. Demademora.

[Ser amigos](#) (castelán)

ISBN 978-84-92608-71-3. Álbum ilustrado. Libros de autor/a.

[Ser amigo](#) (português)

ISBN 978-989-8205-96-4. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[È una parola](#) (italiano)

ISBN 978-88-95933-50-4. Albo ilustrato. Gli albi di autore.

Ser amigos é...

Sentirse iguais aínda que sexamos diferentes.

Non darlle importancia ao noso aspecto.

Apoiarse nos tempos difíciles...


«Ser amigos» é un álbum para primeiras lectoras e lectores sobre a amizade, o afecto e as calidades que nos fan mellores persoas: a igualdade e o respeito por enriba das diferenzas e do aspecto físico, o apoio incondicional nos bons e nos malos momentos, a confianza mutua, a ledicia compartida, o agarimo...

Un sinxelo relato a modo de listado de premisas, que utiliza a tipografía maiúscula para facilitar a súa lexibilidade.

Os protagonistas son animais de distintas especies que demostran a súa convivencia en harmonía: aves, peixes, réptiles, mamíferos...

Mesmo a figura humana faixe presente para reforzar a identificación das nenas e dos nenos, que atoparán simpáticos acenos nas ilustracións.

Arianna Papini reúne parellas singulares que, como o rato e o elefante, ou o gato e o peixe, non se caracterizan tradicionalmente pola súa boa relación. Son imaxes que, sobre un fondo plano, remarcán a silueta dos personaxes combinando texturas, cores suaves e intensas, e logrando, en conxunto, un resultado caracterizado pola dozura, o optimismo e a cercanía.



■ **Temática:** a amizade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** sentimientos, emocións; animais; tipografía maiúscula; da autora e ilustradora de «[Que che gustaría ser?](#)» (finalista do IV Premio Internacional Compostela) e «[Quen falta?](#)» (KALANDRAKA).

■ **En Kalandraka Tv:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/arianna-papini/>

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ser-amigos-c\\_a20688fbba3ceb](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ser-amigos-c_a20688fbba3ceb)

## Arianna Papini

(Florencia, 1965)

Licenciada en Arte e Arquitectura pola Universidade de Florencia e en Arteterapia pola Universidade de Boloña. Durante 25 anos foi directora editorial e artística da editorial Fatatrac. Exerceu a docencia na Escola de Arquitectura de Florencia con proxectos sobre o libro-xogo, no Instituto Artístico de Florencia, na Asociación de Ilustradores de Milán, na Escola de Deseño ISIA de Urbino, na Escola Internacional de Ilustración de Sârmede e, dende 2020, dirixe o curso de ilustración da Academia de Belas Artes de Nápoles. Realiza obradoiros artísticos e de lectura en voz alta para nenas e nenos en escolas e bibliotecas. Ten publicado máis dun cento de libros, ademais de participar en exposicións individuais e colectivas. Recibiu, entre outros, o Premio delle Palme, o Premio Nazionale del Libro per l'Ambiente e o Premio á Mellor Ilustradora 2008 da revista Andersen.

<http://www.ariannapapini.com>

